

INFORMACION DIETAS TRABALLADORES (CONVENIOS) / AUTÓNOMOS/DIRECTIVOS E “VALES COMEDOR” , LOCOMOCIÓN, E PAGOS DIRECTOS DISTES GASTOS POLAS EMPRESAS

2018-07-16

As dietas deben ser para compensar gastos do persoal cando se ten que desprazar para realizar o seu traballo a outro Concello(D.manutención) ou incluso no mesmo(D. Locomoción)

Os desprazamentos e permanencias dos traballadores nun mesmo municipio non poden superar os 9 meses

CONVENIO LABORAL E CONTRATO

Terase que partir do que establezca o convenio colectivo para o sector ou empresa, e éstas son obrigatorias como mínimo, podendo pactar máis en contrato, e sempre que se xustifique os motivos e necesidade de desprazarse. Si nonse dán xustificadas obrigarase a que se cotize a S.Social e tributen a AEAT.(As cantidades que establecen os convenios están dentro dos límites para estar exentas de cotización e Tributación.

XUSTIFICACION E MOTIVACION DAS DIETAS: Sempre se Terán que acreditar cal é a razón do desprazamento e a pernotación noutro lugar con partes de traballo, facturas, itinerarios e rutas, tacógrafos e outros medios que poidan valer como proba.

Aconsellamos utilizar parte de dietas mesuais por persoa onde quede reflectido data, lugar de desprazamento e motivo cas dietas correspondentesde locomoción e manutención

ALOXAMENTO E LOCOMOCION(Non son de Domicilio ó Traballo)

Os gastos de alonxamento en hoteis e hospedaxes, así como os de desprazamentos en servizos públicos deberán de xustificarse ca factura correspondente a nome do persoal . (*)

Si o persoal utiliza o seu vehiculo propio pagaraselle a razón de 0,19 €/Km.+Peaxe+parking

E si utiliza vehiculos da empresa non procederá aboar dieta de locomoción.

Existe a posibilidade de pagar "Abonos ou vales Transporte" ata 1.500/ano desprazamento Casa-traballo

LIMITES E XUSTIFICANTE DE DIETAS MANUTENCION

GASTOS	E.ESTADO	ESTRAN	XUSTIFICACION	Autónomos incluso directivos sempre pagadas con tarxetas
Con pernota	53,34	91,35	Motivo e lugar	
Sen pernota	26,67	48,08	Motivo e lugar	
Transporte mercancias	15,00	25,00	Non fai falla	

Para traballadores non fai falla xustificar a cuantía e ten que estar dentro dos límites.Para os autónomos si e para "*Socios-administradores en réximen de autónomos mellor factura e pago por tarxeta.*"

As Facturas a nome do persoal que fixo uso do servizo e a ser posible pagadas polo banco/tarxeta. Existe a posibilidade de pagar de xeito inmediato mediante " Vales, bonos comedor" ata 11 €/diarios. Teñen que cumprir unha serie de requisitos. Hai empresas no mercado que facilitan iste sistema.Existen outras cuantías para persoal de voo.

ATENCION ESPECIAL PARA DIRECTIVOS DEPENDENTES E AUTONOMOS E CENTROS MOVILES

1.-As dietas de Socios-administradores e directivos autónomos deben de xustificarse, non pasar dos límites, estar ben xustificadas os seus motivos e lugares e pagadas por tarxeta ou banco.

2.-Os Traballadores cunha Relación laboral especial de caracter dependente poderán descontar dos seus ingresos as dietas de manutención só sen pernotan, así como as de locomoción máis peaxe e parking

3.-Ter en conta que existe a posibilidade de utilizar os gastos de representación para directivos e autónomos administradores ata un limite do 1% do valor neto de negocios.

4.-Os Traballadores contratados para centros móbiles e itinerantes acollense tamén o réximen de dietas aínda que non exista desprazamento fora do municipio habitual de traballo pero si o de residencia

PAGO DE GASTOS DIRECTAMENTE POLA EMPRESA

Si a empresa contrata directamente co Titular do Alonxamento, do transporte público ou dos establecementos de hosteleria, deberá solicitar que a factura sexa a nome da empresa, que se indique quen foron os usuarios dese servizo, datas que se fiso uso do servizo que deben correponderse con xornadas de traballo, para logo poder acreeditar a necesidade dese desprazamento e dos gastos que se lle compense. As facturas non se deducen o IVA, e vai como un gasto máis. Recomendable que sexan pagadas polo banco, aínda que non é obrigatorio.